

CONCURSO DE TRASLADOS 2020.

BOE DO MARTES 1 DE SETEMBRO. PRAZO: 2 Ó 15-9 INCLUÍDOS.

No **BOE do 1-9-2020**, publícanse as Ordes relativas ao concurso de traslados 2019 entre funcionarios dos Corpos e Escalas de Xestión Procesual e Administrativa, Tramitación Procesual e Administrativa e Auxilio Xudicial.

POSTOS QUE SE PODEN SOLICITAR:

Calquera das prazas incluídas no Anexo I (vacantes), así como as posibles resultas, que estarán expostas na páxina web do Ministerio (www.mjusticia.gob.es), nos taboleiros de anuncio das Xerencias Territoriais e nos Departamentos das Consellerías das CCAA con competencias transferidas.

- Pódense solicitar intercaladas vacantes e resultas. **O número máximo de órganos solicitados entre vacantes e resultas non poderá superar os 200.** Con cada número de orde se entenden solicitadas tanto as vacantes existentes no Órgano como as posibles resultas.
- **Non se admitirá ningunha modificación da solicitude formulada unha vez rematado o prazo de presentación de instancias.**
- **Poderá admitirse renuncia** á participación no concurso, **tendo de prazo ata o último día de alegacións á resolución provisional**, naqueles casos debidamente xustificadas, nos termos do punto 7C da orde.
- **Unha vez resolto definitivamente, non se admitirá a renuncia ao destino obtido por ningún motivo**, nin polo feito de equivocarse ao cumprimentar os números de orde da instancia.

MODELO A PRESENTAR: ANEXO II.

Recadro V-1: Os funcionarios **destinados definitivamente** en postos de traballo dos Corpos e Escalas de Xestión, Tramitación e Auxilio, así como os que se atopan en **situación de servizos especiais** e os **excedentes por coidado de familiares que teñan reservado o seu posto de traballo**.

Recadro V-2: Os funcionarios **destinados definitivamente** en postos de traballo doutros Corpos e Escalas da Administración de Xustiza ou doutras Administracións, en situación de excedencia do art. 506.d da L.O 19/2003.

Recadro V-3: Os **excedentes voluntarios por agrupación familiar / interese particular, adscritos provisionais e os incursos en reordenación de efectivos ou reasignación forzosa.**

- O prazo é dende o **2 ATA O 15 DE SETEMBRO** (ambos incluídos).
- **IMPORTANTE: É obrigatorio confeccionar e presentar a solicitude por medios telemáticos.**

Podedes acceder ao asistente de inscrición, na páxina do Ministerio de Xustiza, na dirección:

<https://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/ciudadanos/empleo-publico/concursos-traslados/concurso-traslados-ordinario4>

Premendo no enlace:



- Os concursantes deberán identificarse electrónicamente previamente á entrada no asistente, a través de DNI electrónico, Certificado dixital, CI@ve Pin 24 h, ou CI@ve permanente.
- Non se presentará ningunha instancia en formato papel.
- O uso do asistente de inscrición xa non é só para confeccionar a instancia; é un proceso de inscrición completo, polo que unha vez grabada e confirmada a instancia no asistente, xa se considera presentada no Ministerio.
- Para modificar unha solicitude, cómpre xerar unha nova solicitude, confirmala e presentala. Considérase válida a solicitude presentada dentro de prazo, que teña entrada con data posterior
- Na mesma páxina do Ministerio, pódese consultar o **Manual do asistente de inscrición web**, e por suposto, **tedes a vosa disposición aos nosos delegados/as para que vos axuden en todo o que necesitedes.**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Eugenia 655455702 - Roberto 617685531 **FERROL:** Manu 678514555

LUGO: Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>



INFORMA

REQUISITOS E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Os solicitantes só poderán participar para o mesmo corpo no que están en activo, se na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes transcorreron 2 anos desde a resolución pola que se convocou o traslado no que obtiveron o seu último destino ou da resolución na que se lles adxudicou destino definitivo cando se trate de funcionarios de novo ingreso. (a tal efecto, o primeiro ano é o ano natural no que se ditou a resolución e o segundo ano e o ano natural seguinte).

Funcionarios adscritos provisionalmente:

Estarán obrigados a solicitar todas as vacantes e posibles resultas correspondentes ao seu corpo da provincia onde se atopen adscritos. De non participar no concurso, pasarán a situación de excedencia voluntaria por interese particular. Estarán excluídos da limitación temporal citada.

Os funcionarios do corpo de Xestión procesual e administrativa que se atopen en dita situación por ter cesado como Letrados substitutos, gozarán de dereito preferente para ocupar postos de traballo xenéricos na localidade onde se atopen adscritos.

Funcionarios en situación de excedencia:

- Os funcionarios que se atopen na situación de **excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público** (art. 506.d LO 19/2003), non terán ningunha restrición temporal para reingresar no Corpo no que figuren na devandita situación.
- Os funcionarios que se atopen nas situacións de **excedencia voluntaria por interese particular e por agrupación familiar** só poderán participar no concurso se na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes transcorreron dous anos como mínimo desde que foron declarados en tal situación
- Os funcionarios en situación de **excedencia para o coidado de familiares** só poderán concursar se transcorreron os dous anos establecidos no art. 46.1 do R.D. 1451/2005, do 7 de decembro.
- **Os funcionarios en situación de servizo activo e excedencia noutro corpo que desexen participar, deberán optar nunha única instancia por un Corpo ou outro.**
- **Os funcionarios en excedencia, tanto por prestacións de servizos no sector público como por interese particular, deberán aportar coa instancia a declaración xurada prevista na base 4.5 da orde.**

Postos singularizados ou de concurso específico:

- Os funcionarios que se atopen desempeñando un posto singularizado por concurso específico ou por libre designación poderán participar no presente concurso, **sempre que desempeñasen o citado posto polo menos durante un ano**, contado desde a data da súa toma de posesión.

BAREMO

Antigüidade: Máximo de 60 puntos

- 2 puntos por cada ano completo de servizos, computándose proporcionalmente os períodos inferiores (0,00555556 por día). A estes efectos os meses considéranse de 30 días.

Coñecemento oral e escrito da lingua oficial propia das CCAA.

(A acreditación ten que ser a medio de fotocopia compulsada.)

- Certificado **Celga 4** ou similar: 4 puntos
- Curso **medio de linguaxe xurídica galega**: 8 puntos
- Curso **superior de linguaxe xurídica galega**: 12 puntos

Non é necesario aportar a acreditación dos cursos de galego no caso de coincidir a proposta de datos do asistente co nivel real de idioma. Noutro caso hai que adxuntar a documentación acreditativa ó respecto.

SPJ-USO, SINDICATO MAIORITARIO NA XUSTIZA GALEGA
SPJ-USO: FEITOS, NON PALABRAS.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Eugenia 655455702 - Roberto 617685531 **FERROL:** Manu 678514555

LUGO: Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>